



Deseño para a innovación social: novas oportunidades

4 de maio de 2022 - CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol.

Como consecuencia da pandemia da COVID-19, a prosperidade deixou de medirse fundamentalmente baixo criterios económicos para incluír de forma relevante os parámetros do benestar social, contemplando así a necesaria compatibilidade do crecemento económico coa protección dos recursos humanos e materiais que o sustentan.

Nun mundo hiperconectado coma o noso, moitas empresas e entidades xa perciben con claridade que a través da innovación social se poden identificar novas necesidades e oportunidades de expansión cara a novos mercados, mediante o deseño de produtos e servizos innovadores nos que a ética social é unha prioridade.

Neste encontro, realizado no marco do proxecto **Interreg Europe Design4 Innovation**, reflexionárase sobre os apoios públicos ao deseño para transformalo nunha ferramenta ao servizo da innovación social. Esta análise incluírá dende o actual **Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA** da Xunta de Galicia ata os estudos sobre o apoio ao deseño para favorecer a transición dende a competitividade empresarial cara á innovación social do **Deusto Design Research Group (Universidade de Deusto)**.

Moitas das accións e mecanismos de apoio ao deseño inspirados desde o proxecto **Interreg Europe Design4 Innovation** comezaron a implementarse antes da pandemia, polo que necesitan adaptarse á nova realidade social mediante a incorporación de propostas e ideas como as que se propoñerán neste encontro.

O evento inclúe unha mesa redonda na que se analizarán diversos casos de éxito e exemplos do deseño para a innovación social. Nela participarán profesionais do ámbito do deseño e as actividades colaborativas de carácter social.





10:30 - 10:45 h

Presentación do encontro.

María José Mariño - Axencia Galega de Innovación

10:45 - 11:00 h

Programa Interreg Europe Design 4 Innovation: políticas públicas de promoción do deseño.

Santiago Nieto - Axencia Galega de Innovación

11:00 - 11:30 h

O impacto do deseño: da competitividade empresarial á innovación social.

Rodrigo Martínez e Paula Fernández - Deusto Design Research Group

11:30 - 12:00 h

Pausa café.

12:00 - 13:00 h

Mesa redonda: casos de éxito e exemplos de deseño para a innovación social.

David Barro - Fundación Didac

Rodrigo Martínez e Paula Fernández - Deusto Design Research Group

Leticia Costas - KidCode

África Rodríguez - Espacio Arroelo

13:00 - 13:10 h

Conclusións e peche do encontro.



Xacobeo 21-22



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN